




1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Ria da Coruña. Concello: Oleiros. Parroquia: San Martiño de Dorneda. Extensión: 0,55km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade estreita, con fronte cantil de parede vertical e potente, e depósitos areosos e de cantos ao pé, alternando con retrinco de plataforma rochosa. As vertentes son aplanadas ou en relevo suave.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Esta unidade pertence totalmente ao Dominio da "Serie de Ordes", aparecendo unha ampla gama de materiais metamórficos xistosos e cuarxistosos, de idade precámbrico-silúrica.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Réxime ombrotérmico Cálido e Subhúmido. A temperatura media anual supera os 15°C e as precipitacións medias alcanzan valores entre 1000mm e 1200mm ao longo do ano. A oscilación térmica rolda os 13°C.

OS SOLOS

A metade meridional da unidade presenta un fluvisol háptico, mentres a setentrional entra no dominio dos cambisols eútricos.


AS AUGAS

Tramo cantil carente de rede fluvial significativa, tan só con pequenas valgadas de escasa prolongación continental que verten na masa de Augas Costeiras 20126.

O PATRIMONIO NATURAL

Costa acantilada na que domina o hábitat 1230 de cantís atlánticos. Aparece, en plataformas rochosas intermareais e praias de cantos o 1210, vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. Nas puntas das vertentes superiores aplanadas aparece a vexetación potencial de breixeiras, nas que podería haber dous tipos de hábitat, o 4030, breixeiras secas europeas e o 4040, breixeiras secas costeiras atlánticas de Erica vagans.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A franxa meridional da unidade, situada máis cara ao interior, conserva aínda o seu uso tradicional agrícola, aínda que o fai dun modo moi fragmentado xa que aparecen fenómenos residenciais intersticiais. Na parte setentrional, baixando pola costa até a praia de Canide, esténdese unha superficie dedicada a uso forestal, cuberta por masas arbóreas de repoboación. Ao longo da fronte costeira, exceptuando algunhas intervencións residenciais illadas mantense a vexetación costeira de breixeiras.

MORFOLOXÍA

O núcleo tradicional de Breixo, situado na parte meridional do ámbito e rodeado de parcelas agrícolas, era orixinariamente o único asentamento que se atopaba na unidade, composto por un casarío compacto e algunhas casas illadas que se distribuían ao longo da estrada que o atravesaba. O crecemento actual seguiu apoiándose nesta vía, pero de maneira menos lineal e introducindo novas tipoloxías edificatorias que xa non están vinculadas ao uso agropecuario con formas e volumes afastados dos tradicionais. Xorden tamén algunhas intervencións residenciais illadas na fronte litoral, ocupando parcelas antes dedicadas a uso agrícola.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Esta unidade caracterízase por carecer dunha rede viaria importante, consecuencia do seu pequeno tamaño e de non acoller tradicionalmente asentamentos poboacionais. A estrada que une Santa Cruz con Mera e que discorre paralela á costa limita esta unidade polo seu extremo occidental, sendo a principal vertebradora dos diferentes crecementsos residenciais e sen chegar a penetrar ao interior do ámbito. O resto da rede componse de vías menores que aproveitan as que antes organizaban os terreos de cultivo e o acceso puntual ao litoral.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O único elemento de patrimonio histórico que se rexistra nesta unidade é un filón arqueolóxico coñecido como As Medoñas, situado a media ladeira entre o núcleo de Breixo e a Punta dos Poleiros.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Esta unidade caracterízase por tratarse dunha franxa relativamente estreita de terreo con pouco desenvolvemento continental, na que as formacións acantiladas da costa singularizan a fronte litoral. O conxunto cantil non presenta formacións areosas, e continúa a tipoloxía propia deste sector que atopamos tamén en unidades próximas como a de Punta de Mera e Meáns ou Castro de Cabreira. Aínda que tradicionalmente tratouse dun ámbito con importante actividade agraria, o abandono deste uso propiciou a recuperación de masas vexetais costeiras e, ao mesmo tempo, a aparición de certos fenómenos de urbanización dispersa en enclaves especialmente fráxiles que supoñen unha perda de biodiversidade e calidade paisaxística.

DINÁMICA DA PAISAXE

Este territorio tratábase tradicionalmente dun terreo fortemente traballado, onde as parcelas de cultivo chegaban case até a liña de fronte litoral (como ocorría, por exemplo, na cala das Margaridas) e dependían do asentamento de Breixo. Co paso do tempo estas parcelas foron perdendo o seu papel produtivo, e abandonouse a súa explotación agrícola. Apareceron así novos usos para este solo agora improdutivo, nalgúns casos usos forestais (na parte norte) e noutras residenciais. Moitas desas terras non volveron dedicarse a ningunha actividade lucrativa, e cubríronse paulatinamente de vexetación autóctona costeira de matogueira.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

O da Costa de Breixo trátase dunha paisaxe de imponentes cantís de paredes verticais que presenta uns extraordinarios valores naturais e expresivos. Máis aló dos seus propios valores naturais intrínsecos, é importante o papel que xoga, xunto coa costa de Castro de Cabreira, Mera e Costa de Dexo, como fondo escénico para as longas perspectivas que se xeran desde a fronte litoral da cidade da Coruña. Desde esta unidade tamén se obteñen conexións visuais coa península de Morro de Canide e a enseada de Mera cara ao norte e, desde a Punta Boi do Canto, da enseada de Oza. Pódese dicir, polo tanto, que esta unidade configura un punto central na construción paisaxística marítima da área metropolitana da Coruña arredor da súa ría.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



